

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Expediente: IN408A 2019/15

Solicitante/Promotor: Greenalia Wind Power O Cerqueiral, S.L.U. (B70578273)

Denominación: Parque eólico O Cerqueiral

Situación: Concellos de Coristanco, Cabana de Bergantiños e Santa Comba (A Coruña)

Asunto: Remisión do proxecto referenciado para a súa exposición pública.

Achégolle a documentación que de seguido se relaciona, para os efectos da súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello durante o prazo de trinta (30) días que se contarán a partir do seguinte ao da última publicación do Acordo (no DOG ou no xornal).

- Acordo do 14 de outubro de 2020 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico O Cerqueiral nos concellos de Coristanco, Cabana de Bergantiños e Santa Comba (A Coruña) (IN408A 2019/15).

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:

- Proxecto execución (febreiro 2019- vis. 09/09/2020):

<http://descargas.xunta.es/5fb9526b-78cb-4fb5-b176-dd24aa14e96e1600369836341>

- Proxecto sectorial (maio 2020- vis. 09/09/2020):

<http://descargas.xunta.es/b496d573-937f-4c13-9cee-6151b34ed9791600369859319>

- Estudo de impacto ambiental refundido (marzo 2020- asin. 11/09/2020):

<http://descargas.xunta.es/512263c5-f22c-4094-a5ae-f68a6b54d09e1600369936203>

- Relación de bens e dereitos afectados (RBDA) + Planos xerais (setembro2020- asin. 28/09/2020):

<http://descargas.xunta.es/4bca9a5f-49b0-4b41-ab2a-bb38c60f27751601286053117>

- Planos individuais:

<http://descargas.xunta.es/3b48009a-6a7b-44a2-9919-a1e1a82a0a881602756434350>



Esta documentación tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do seguinte enlace:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico-ocerqueiral>

Así mesmo, esta exposición faise co fin de cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello.

Unha vez que transcorra o prazo indicado, deberá remitir a esta Xefatura Territorial, un certificado acreditativo desta exposición no que deberá indicar:

- A exposición pública, especificando toda a documentación anteriormente relacionada Deberá indicar se houbo ou non alegacións e, de ser o caso, relacionalas na certificación para a súa constancia no expediente administrativo.
- E ademais, a certificación acreditativa da exposición ao público do proxecto sectorial conterá unha referencia expresa á realización do trámite de audiencia previsto no Decreto 80/2000, de 23 de marzo (segundo o artigo 33.10 da citada Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro).

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, na Lei 21/2013, de 9 de decembro de Avaliación Ambiental, no Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro sobre autorización de instalacións de enerxía eléctrica, nos artigos 33.7 e 33.8 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, no Decreto 80/2000, de 23 de marzo polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e demais normas vixentes de aplicación.

A Coruña,
O xefe do Servizo de Enerxía e Minas
Juan José Iglesias Suárez

